



Refórza-T 5°

A TERRA E O UNIVERSO

Repaso Ciencias Sociais I




O UNIVERSO
O SISTEMA SOLAR

A TERRA E A LÚA
MOVIMENTOS



Unha visita ao Planetario






Onte, Nacho e os seus compañeiros da clase foron de excursión ao planetario e convertéronse en astrónomos por un día. Aprenderon un montón de cousas acerca do sistema solar.

O máis divertido foi contemplar a simulación dunha noite estrelada. Claudia, a guía que os acompañaba, advertiunos de que, se se fixaban ben, mesmo poderían apreciar como se moven as estrelas e os planetas.

A todos os sorprenderon moito as cores e relevos que presentaba Marte. Claudia díxolles que tamén o noso planeta,

a Terra, ten un relevo moi variado e cambiante!





Comprensión Lectora

UNHA VISITA AO PLANETARIO

DEBUXA O SISTEMA SOLAR

QUÉ É UN PLANETARIO?

MÓVENSE AS ESTRELAS?

QUE SIGNIFICA O RELEVO?

QUE FAI UN ASTRÓNOMO?

EN QUE SE DIFERENCIA UNHA ESTRELA DUN PLANETA?

As estrelas son enormes esferas de gas en cuxo interior se produce moita enerxía que se emite como luz e calor.


En función da temperatura das estrelas, estas poden ter distintos tamaños e diferentes cores.

As estrelas son máis luminosas canto máis luz emiten.

O brillo, que é a luz que se percibe desde a Terra, depende da súa luminosidade e da súa distancia á Terra.

Canto máis próximas están, máis brillantes as vemos.

O Sol é a estrela máis próxima á Terra. É de tamaño mediano, amarela, moi luminosa e brillante.



As galaxias son agrupacións de millóns de estrelas, planetas, nubes de gas e fragmentos de rocha.

As galaxias poden ter forma elíptica, de espiral ou ser irregulares.

A Terra e case todos os astros que vemos no firmamento encóntranse nunha galaxia con forma de espiral, a Vía Láctea.

O noso planeta está situado nun dos brazos desta galaxia, o brazo de Orión, bastante lonxe do seu centro.

Hai quince mil millóns de anos, produciuse unha grande explosión, o Big Bang, que foi a orixe do universo.

O universo está formado por millóns de galaxias. Entre unhas e outras hai enormes distancias e o espazo entre elas está baleiro.



As constelacións son grupos de estrelas que forman figuras no ceo.


A Terra xira sobre si mesma e arredor do Sol, así que as constelacións que vemos cambian durante a noite e ao longo do ano.



AO CONTEMPLAR A SIMULACIÓN DUNHA NOITE ESTRELADA, NACHO DECATOUSE DE QUE, SE MIRAS O CEO A DIFERENTES HORAS, NON VES SEMPRE AS MESMAS ESTRELAS. MÓVENSE AS ESTRELAS OU MÓVESE A TERRA? EXPLÍCALLO.

Podes facelo con palabras ou cun debuxo.






O SISTEMA SOLAR


Un sistema planetario está formado por unha estrela e os astros que xiran arredor dela. O noso sistema planetario é o sistema solar.

O sistema solar está formado por unha estrela, o Sol, e os planetas, os satélites, os planetas ananos, os cometas e os asteroides que xiran arredor del.



SOL

O Sol é a estrela arredor da cal xira a Terra. É unha xigantesca esfera que emite continuamente luz e calor.



A distancia entre a Terra e o Sol é a xusta para que a luz e a calor do Sol permitan a vida no noso planeta.

Os planetas ananos son corpos esféricos sen luz propia pero moito máis pequenos ca os planetas.

Os planetas son astros grandes, de forma esférica e sen luz propia.

No sistema solar hai 8 planetas: Mercurio, Venus, Terra, Marte, Xúpiter, Saturno, Urano e Neptuno.



PLANETAS ANANOS

O máis coñecido é Plutón, que ata hai poucos anos se consideraba un planeta.

PLANETAS E SATÉLITES

Arredor da maioría dos planetas xiran outros corpos rochosos máis pequenos chamados satélites. A Lúa é o satélite da Terra.


Os planetas realizan un movemento de rotación sobre si mesmos e outro de translación arredor do Sol. O percorrido que seguen chámase órbita.


CORPOS CELESTES

Os asteroides son fragmentos de rocha con forma irregular que xiran arredor do Sol. Encóntanse no cinto de asteroides e o de Kuiper.


Os cometas son astros conxelados que xiran arredor do Sol seguindo unha órbita con forma ovalada.

Os meteoritos son asteroides pequenos que chocan con outros astros e forman cráteres na súa superficie.





O SISTEMA SOLAR



CONTESTA AS SEGUINTE PREGUNTAS



NACHO NON TEN CLARO SE UNHA GALAXIA E UN SISTEMA PLANETARIO SON O MESMO. ACLÁRALLO.

DURANTE A VISITA CONTÁRONLLES QUE TODOS OS ANOS, ENTRE FINAIS DE XULLO E O 20 DE AGOSTO, A TERRA CRUZA A ÓRBITA DO COMETA SWIFT-TUTTLE E ATRAVESA UNHA NUBE DE PO QUE PRODUCE UNHA CHUVIA DE METEORITOS, CHAMADOS POPULARMENTE ESTRELAS FUGACES. RESPONDE.

SON O MESMO UN METEORITO E UN ASTEROIDE?

CLAUDIA TAMÉN LLES COMENTOU QUE A AXENCIA ESPACIAL EUROPEA ESTUDA O UNIVERSO PARA COÑECER MÁIS DATOS SOBRE EL. NESTA IMAXE PÓDENSE VER ALGUNHAS MISIÓNS ESPACIAIS EN MARCHA. OBSÉRVAA E RESPONDE.


QUE ASTRO ESTUDA CADA UNHA DAS MISIÓNS ESPACIAIS REPRESENTADAS?

QUE REPRESENTAN AS LIÑAS ELÍPTICAS DO DEBUXO?



O movemente de rotación é o xiro que realiza a Terra sobre si mesma. A Terra tarda 24 horas en dar unha volta, é dicir, un día completo. Cando unha parte da Terra está fronte ao Sol, recibe a súa luz e é de día. Ao mesmo tempo, hai outra parte da Terra á que non lle chega a luz do Sol; nesa zona é de noite.

Rotación da Terra



A TERRA

A TERRA E A LÚA

Como todos os planetas, a Terra realiza dous movementos, o de rotación e o de translación. Ao mesmo tempo, a Lúa xira arredor da Terra.

O movemento de translación é o desprazamento que realiza a Terra arredor do Sol. Tarda 365 días e unhas seis horas en dar unha volta completa, un ano.

Este movemento dá lugar ás estacións do ano. Cando no hemisferio norte é verán, no hemisferio sur é inverno, e ao revés. Igual sucede coa primavera e o outono.

A causa das diferenzas de temperatura entre verán e inverno é a inclinación do eixe de rotación terrestre. No inverno hai menos horas de luz, os raios chegan inclinados e dan menos calor. No verán, chegan menos inclinados e dan máis calor.


Traslación da Terra

Movementos da Lúa

A Lúa é o único satélite natural da Terra.

A Lúa realiza un movemento de rotación sobre si mesma e un movemento de translación arredor da Terra.

En ambos os casos tarda 28 días.



Fases da Lúa

Segundo a posición que ocupa o Sol, a Terra e a Lúa, vese iluminada unha ou outra parte da Lúa.

Os distintos aspectos que presenta a Lúa chámanse fases.

ONTE POLA NOITE, NACHO ASOMOUSE
A VENTÁ E CONTEMPLOU ESTA IMAXE
DA LUA. OBSERVAA E RESPONDE.

En que fase estaba a Lúa?

**Se Nacho observa a Lúa desde a mesma ventá uns días máis
tarde, veraa igual?**

Explica por que:






Formada por gases

Capa mais extensa

ATMOSFERA



Parte rochosa da Terra, esférica.

3 capas: codia, manto e núcleo

Codia: capa externa e fina. Formada por rochas ou magma.

Manto: capa intermedia. + quente que codia

Núcleo: capa interna. Parte interna líquida e externa sólida. >º

Conjunto das águas do planeta

Águas nos 3 estados

HIDROSFERA

A maioria, água salgada dos oceanos

Água doce, pequena parte da hidrosfera

2/3 da doce é gelo de polos e montana

1/3 da doce em águas subterrâneas e superfície

Seres vivos da Terra

BIOSFERA

Médio físico em que vivem

XEOSFERA

Codia, cambios internos (terremotos e vulcans) e externos

Terremotos: movimentos bruscos da sup. terrestre.

Vulcans: lugares por onde o magma sae a superfície.

Erosión: água/vento arrincan materiais das rochas e terreos

Transporte: água/vento moven materiais arrincados

Sedimentación: acumulacion materiais transportados

A TERRA, UN PLANETA EN CAPAS

As capas da Terra

Nacho preguntoulle á guía como ven os astronautas a Terra desde o espazo. Contestoulle que apreciaban tres capas. Enuméraas e describe cada unha delas.

A guía tamén lles explicou que desde o espazo non se pode ver a Terra por dentro, pero amosoulles este debuxo para que comprendesen como é. Escribe as partes da xeosfera onde corresponda.

